

PROXECTOS PROPIOS DE VOLUNTARIADO

SERVICIOS / ÁREAS DE ANIVERSIDADE	PROXECTOS / PROGRAMAS
<p>OMA Benedicto Soto González 986813883 oma2@uvigo.es de luns a venres de 09:00 a 15:00 h.</p>	<p>Programa voluntariado OMA</p> <p>Obxectivo xeral: Posibilitar e ampliar diferentes actuacións no medio natural e educación e sensibilización da comunidade universitaria</p> <p>Obxectivo específico:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Minimización de impactos ambientais. - Actuacións para a mellora de hábitats. - Estudos ambientais. - Educación e sensibilización ambiental. - Inventario ambiental: fauna/flora. - Xestión ambiental: residuos, consumos, etc. <p>Perfil das persoas voluntarias Persoas con inqueda ambiental que teñan interese en desenvolver traballos que axuden a diminuír o grao de alteración na natureza, involucrarse coa xestión ambiental da universidade e participar en actividades de educación e sensibilización ambiental.</p> <p>Función do voluntario/a:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Apoio en programas de minimización de impactos nos hábitats do campus. - Apoio en programas de mellora dos hábitats do campus. - Apoio na elaboración de estudos ambientais. - Apoio nos programas de educación e sensibilización ambiental." <p>Actividades que van a desenvolver por posto: Nos programas de minimización de impactos e mellora de hábitats, deberán realizar traballo de campo mediante actuacións directas nos hábitats, que dependerán do impacto que se planifique minimizar ou a mellora que se pretenda aplicar en cada hábitat concreto. No caso dos estudos ambientais colaborarán na obtención de datos e diagnóstico destes, así como na elaboración de materiais ou campañas para a súa difusión, se fose o caso. No caso de programas de educación e sensibilización ambiental poderán participar directamente como monitores destas actividades ou indirectamente colaborando na organización destas.</p> <p>Lugar de realización: Campus universitario de Vigo (As Lagoas-Marcosende)</p> <p>Tempos de dedicación dos voluntarios/as, segundo postos: 2 - 4 horas á semana</p>

SERVIZOS / ÁREAS DE ANIVERSIDADE	PROXECTOS / PROGRAMAS
<p>Servizo de Prevención e Riscos Laborais (SPRL) Carmen Álvarez González // Mº José Montero Vilariño 986813605 sprl@uvigo.es Luns a venres de 9:00 a 16:00 horas</p>	<p>Programa: Actualización da documentación de información en prevención de riscos laborais</p> <p>Obxectivo xeral: Manter a información, dirixida á comunidade universitaria, actualizada e adaptada á normativa vixente.</p> <p>Obxectivo específico:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Divulgación da prevención de riscos laborais a toda a comunidade universitaria. - Sensibilización nos temas relacionados coa prevención de riscos. <p>Destinatarios do programa: Poboación en xeral</p> <p>Perfil das persoas voluntarias</p> <ul style="list-style-type: none"> - Coñecementos informáticos a nivel usuario. - Persoas con interese en acadar coñecementos en prevención de riscos laborais. <p>Función do voluntario/a:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Apoio na actualización de fichas de prevención de riscos laborais. - Apoio na actualización da información conforme á normativa vixente. - Colaboración nas campañas informativas. <p>Actividades que van a desenvolver por posto:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Modificación das fichas de información en prevención de riscos, dos centros da Universidade. - Revisión da normativa vixente en prevención de risco laborais e actualización da información conforme a esta normativa. - Nas campañas de sensibilización: apoio na realización de carteis así como colaboración na organización das mesmas, con presenza nos puntos de información sobre prevención de riscos. <p>Lugar de realización das actividades: Servizo de Prevención de Riscos da Universidade de Vigo - Facultade de Filoloxía e Tradución</p> <p>Tempos de dedicación dos voluntarios/as: A escoller polo voluntario/a, dentro do horario no que o servizo permanece aberto. Horario do servizo de 8:00 a 17:00 horas.</p> <p>Programa: Colaboración na implantación dos Planes de Autoprotección e apoio nos simulacros dos centros da Universidade de Vigo</p> <p>Obxectivo xeral: Protección dos traballadores e usuarios dos centros da Universidade das posibles emerxencias.</p> <p>Obxectivo específico:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Dispoñer de persoas organizadas e formadas para poder actuar nas emerxencias. - Coñecer os centros para poder actuar con rapidez nunha emerxencia. - Evitar o orixe de posibles emerxencias. <p>Destinatarios do programa: Poboación en xeral</p> <p>Perfil das persoas voluntarias: Persoas con interese en acadar coñecementos en Autoprotección.</p> <p>Función do voluntario/a:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Apoio na xeración da documentación de Autoprotección. - Apoio na realización de simulacros. <p>Actividades que van a desenvolver por posto:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Preparación da documentación e dos rexistros de entrega dos Planes de Autoprotección. - Preparación do material de Autoprotección dos centros, (chalecos do persoal de emerxencias, lanternas, etc.). - Actuación como observadores nos simulacros tomando nota do observado na súa zona. <p>Lugar de realización das actividades: Calquera centro da Universidade de Vigo, en todos os campus. Cando sexa fóra do Campus Universitario os levaría alguén do servizo.</p> <p>Tempos de dedicación dos voluntarios/as: A escoller polo voluntario/a, dentro do horario no que o servizo permanece aberto. Horario do servizo de 8:00 a 17:00 horas.</p>

SERVIZOS / ÁREAS DE ANIVERSIDADE	PROXECTOS / PROGRAMAS
<p>ORI: Amelia Rodríguez Piña 986813751 ori@uvigo.es Luns a venres de 8:30 a 14:30 horas</p>	<p><u>Programa: Recepción de estudantes de intercambio</u> Obxectivo xeral: Facilitar a chegada e integración do alumnado estranxeiro de intercambio Obxectivo específico: Recoller aos estudantes e acompañalos á ORI, lugar de aloxamento, centro de destino na UVIGO e oriental de xeito xeral na cidade. Destinatarios do programa: Estudantado estranxeiro de intercambio Perfil das persoas voluntarias: - Coñecementos de idiomas. - Compatibilidade horaria Función do voluntario/a: - Contactar co/a estudante asignado/a, segundo a súa combinación lingüística, dispoñibilidade horaria, etc. - Recoller un mínimo de 2 estudantes estranxeiros e acompañalos á ORI ou Áreas de apoio nos campus de Ourense e Pontevedra para dar constancia da súa chegada e recoller información de interese. - Acompañalos ao seu lugar de aloxamento, centro da Uvigo de referencia e oriental de xeito xeral na cidade de que se trate. Lugar de realización das actividades: Os 3 campus da Universidade de Vigo Tempos de dedicación dos voluntarios/as, segundo postos: O necesario para desprazarse ata o aeroporto ou estación de chegada, acompañalos ás dependencias da Uvigo, etc. Calcúlase que aproximadamente equivale a 30 horas.</p>
<p>SIE Santiago Santos 986813630 / 986812693 sie@uvigo.es De luns a venres de 08:30 a 14:30 horas.</p>	<p><u>Programa: Captación novos estudantes</u> Obxectivo xeral: Educación Obxectivo específico: Captación de novo estudantado Perfil das persoas voluntarias: Estudantes de grao e de mestrado Función do voluntario/a: - Asistir a feiras e xornadas como apoio. - Colaborar nas visitas dos centros de secundaria e de FP á Uvigo. - Outras accións que se poidan realizar relacionadas coa captación." Actividades que van a desenvolver por posto: - En canto a feiras e xornadas, entrega de folletos, apoio para a organización do Stand, charlar cos estudantes sobre a súa experiencia na Universidade. - En relación coas visitas, colaborar co SIE nas charlas de benvida aos estudantes contando as súas experiencias na Universidade. - Por exemplo, xornadas de portas abertas e xornadas de orientación universitaria organizadas polo SIE nas instalacións da Universidade, colaborar en tarefas de organización de mesas/stands, acompañamento aos estudantes, etc. Lugar de realización das actividades: Na propia Universidade e nos lugares onde se realizan as feiras/xornadas (por exemplo, en Pontevedra a celebración de Edugal). Tempos de dedicación dos voluntarios/as, segundo postos: En relación coas visitas: 30 minutos no acto de benvida. En relación coas feiras/xornadas: duración das mesmas.</p>

SERVIZOS / ÁREAS DE ANIVERSIDADE	PROXECTOS / PROGRAMAS
<p>PIUNE: Telf. 986813817 diversidade@uvigo.es</p>	<p>A Universidade de Vigo, co ánimo de apoiar aos estudantes con discapacidade, e fomentando unha completa igualdade de oportunidades e a súa completa integración na vida universitaria, pon en marcha o Programa de Integración de Universitarios con Necesidades Especiais (PIUNE).</p> <p>Mediante este programa os estudantes poderán recibir:</p> <ul style="list-style-type: none">• Atención, acollida e asesoramento en coordinación co gabinete psicopedagóxico da universidade.• Soporte ao estudo (adaptacións curriculares, recursos técnicos de apoio...).• Acompañamento en actividades diversas por voluntarios da Universidade de Vigo.

SERVIZOS / ÁREAS DE ANIVERSIDADE	PROXECTOS / PROGRAMAS
<p>Delegación de alumnos – Facultade de Dereito (Ourense) Beatriz Pardo Iglesias 655162986 beatriz.pardo.iglesias@gmail.com De 9:00 a 14:00 h.</p>	<p><u>Programa: CASOACOSO (Delegación de alumnos - Fac. de Dereito - Ourense)</u> Obxectivo xeral: Prevención acoso escolar Obxectivo específico: Sensibilización, visualización y toma de datos sobre acoso escolar Destinatarios do programa: Infancia, Xuventude Nº aproximado dos beneficiarios: Sobre 1200 alumnos/as de educación primaria y educación secundaria Perfil das persoas voluntarias: Estudantes universitarios de calquera rama de estudos. Para a realización das charlas nos centros educativos, valorarase especialmente estudos en Educación, Integración Social, Psicoloxía, Traballo Social, etc. Para o tratamento das enquisas valorarase especialmente estudos en informática, ADE, etc. Función do voluntario/a: - Planificar actividades: contacto con centros escolares, organismos públicos, organismos privados. - Acudir aos centros educativos - Tratamento de enquisas. Actividades que van a desenvolver: - Acudir aos centros educativos para realizar a actividade - Tratamentos de enquisas. - Acudir a distintos organismos para presentar a actividade e buscar colaboración. Lugar de realización das actividades: Distintos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia Tempos de dedicación dos voluntarios/as: Semanalmente 4 horas, aproximadamente, para o voluntariado que acuda aos centros educativos // 20 horas, por curso académico para tratamento de enquisas. Nº total de voluntarios/as necesarios: 10 para a realización de actividades, 2 para o tratamento de enquisas Observacións/outros comentarios: A actividade desenvólvese da seguinte maneira: Unha primeira actividade, na que se pretende realizar unha labor preventiva, dirixida a visualizar e sensibilizar sobre as condutas que poidan ser susceptibles de provocar acoso escolar, e danar a integridade física e moral. Nesta primeira actividade, os membros de CasoAcoso acudimos aos centros educativos para realizar unha actividade dinámica de arredor dunha hora e media de duración, na cal o alumnado participará de forma activa, co fin de xerar debate sobre o acoso escolar. Nesta actividade participan arredor de 60-80 alumnos/as e acoden 10 universitarios aproximadamente. A dinámica é a seguinte: 1º Toma de contacto co alumnado, comézase de forma informal presentándonos como alumnado da Universidade, conseguindo situarnos nunha posición mais preto e igualitaria ante eles e a actividade. Tras isto, pregúntase se coñecen algunha lei ou algún dereito que os ampare e se saben cal é a lei máis importante do noso país. 2º Lectura por parte dos alumnos do artigo 15 da Constitución Española ""Todos teñen dereito á vida e a integridade física e moral, sen que, en ningún caso, poidan ser sometidos a tortura nin a penas ou tratos inhumanos ou degradantes"" explicación do mesmo e opinións sobre o que significa a integridade física e moral. Para iso, reunímonos cada estudante universitario cun grupo de arredor de 10-15 alumnos durante 10 minutos. Na reunión xeramos debate sobre o que pode infrinxir tanto a integridade física, como a integridade moral. Ao rematar, cada grupo elixe 2 portavoces, os cales dirán algunha conduta que infrinxa a integridade física e outro que infrinxe a integridade moral. 3º Proxección dun vídeo realizado por UNICEF para previr o acoso escolar ""días contados"". Tras o visionado do vídeo preguntárase ao alumnado o significado deste. Nel pódese visualizar a ""invisibilidade"" e a ""sutiliza"" do acoso escolar e as graves consecuencias que poida xerar" 4º Testemuñas de xoves universitarios que sufriron acoso escolar e vírono de cerca. 5º Enquisa anónima con varias cuestións sobre o acoso. Con ela inténtase tomar datos sobre a habitualidade e a xeneralidade do acoso escolar, na Comunidade Autónoma de Galicia. 6º Despedida e explicación da dinámica do buzón ""te escucho"" que permanecerá nun lugar do instituto, acordado co centro, así como das distintas redes sociais3 habilitadas para recibir e transmitir información. Deixamos un buzón nos institutos que decidan colaborar, co propósito que, o alumando, de forma anónima, poidan contar os casos de acoso escolar, ben por estar sufríndoas, ben por ter coñecemento destes como espectadores ou terceiros, incluso como acosadores. En segundo lugar, espérase realizar unha xornada sobre ""Responsabilidade Penal do Menor"" que se levará a cabo na Facultade de Dereito de Ourense, na que intervirán distintos profesionais relacionados coa responsabilidade penal do menor, entre eles, Fiscalía de Menores de Ourense, Profesor de Dereito Penal e Procesal de Menores da Facultade de Dereito de Ourense, Educador Social especializado en xoves infractores y desamparados e avogado especialista en ciber acoso e acoso escolar.</p>

SERVIZOS / ÁREAS DE ANIVERSIDADE	PROXECTOS / PROGRAMAS
<p>Área de emprego e emprendemento Mª Rogelia Sanandrés Alonso 986 814036 / 647343150 areaemprego@uvigo.es De 09:00 a 15:00 h.</p>	<p><u>Programa: FINDE.U - Feira internacional de emprego</u> Desenvolvemento temporal: 15, 16 e 17 de outubro 2018 / 22, 23 e 24 de outubro 2018 Obxectivo xeral: INT Dotar a comunidades (estudantes e persoas egresadas) dun espazo de encontro directo con empresas / institucións que lles permita ter un coñecemento do mercado laboral, así como presentar a súa candidatura a ofertas de emprego e/ou prácticas Destinatarios do programa: Xuventude Perfil das persoas voluntarias: Calquera estudante da Universidade de Vigo que teña interese en participar na organización dun foro de emprego multisectorial no ámbito de Galicia e norte de Portugal, facilitándolle o contacto directo co mundo empresarial da contorna. Función do voluntario/a: Apoio na organización dos eventos de Oporto e Vigo. Actividades que van a desenvolver: Apoio e asesoramento a estudantes e egresados na procura de emprego Lugar de realización das actividades: O programa FINDE.U divídese en dúas accións que terán lugar en distinta localización: - RECINTO FERIAL EXPONOR (OPORTO – 15/16/17 de outubro) un total de 5 voluntarios sumaranse ao equipo de voluntarios das Universidades de Oporto e Tras-Os-Montes, para o cal pernoverán en Oporto: todos os gastos de aloxamento e manutención correrán a cargo da organización da Finde.U. Contarán ademais con servizo de transporte dende o Campus de Vigo para os desprazamentos de ida e volta. - RECINTO FERIAL IFEVI (VIGO – 22/23/24 de outubro) un total de 20 voluntarios (incluídos os 5 que viaxaron a Oporto) prestarán os seus servizos no recinto Ferial IFEVI. A organización corre a cargo da manutención e transporte en minibús dende o centro de Vigo/Campus de Vigo ao recinto ferial. Tempos de dedicación dos voluntarios/as: A dedicación dos voluntarios desenvolverase durante os horarios de funcionamento dos eventos, de 10:00 a 18:00, 8 horas. Os días previos a cada evento (15 e 22 de outubro) deberán asistir a unha sesión preparatoria de 2 horas. Data de inicio/incorporación: 15/10/2018 - 22/10/2018 Data de finalización/saída: 17/10/2018 - 24/10/2018 Observacións/outros comentarios: O número total de voluntarios requirido é de 10, dos cales: - 5 participarán nos eventos de Oporto e Vigo. - 5 participarán unicamente no evento de Vigo.</p>
<p>Área de Benestar, Saúde e Deportes Javier Rial Boubeta 986814062 rial@uvigo.es Pola mañá</p>	<p><u>Programa: Xornadas 5000 de sangue</u> Desenvolvemento temporal: Do 2 ao 4 de outubro de 2018 Obxectivo xeral: Axuda para relacionarse coa comunidade universitaria Obxectivo específico: Reparto de froita e información aos posibles doantes Destinatarios do programa: Poboación en xeral Perfil das persoas voluntarias: Persoas xoves e vitais cunha capacidade física mínima para axudar no reparto da froita e con don de xentes para tratar coa comunidade universitaria Función do voluntario/a: - Prestar servizo nun stand de información. - Repartirlle unha peza de froita a cada persoa. Lugar de realización das actividades: Campus Universitario de Vigo, campus de Ourense e campus de Pontevedra. Tempos de dedicación dos voluntarios/as: O día 4 de outubro terán que estar no campus todo o día, pero tamén si hai moitos se poden turnar uns de mañá e outros de tarde. Data de inicio/incorporación: 02/10/2018 Data de finalización/saída: 04/10/2018</p>

SERVIZOS / ÁREAS DE ANIVERSIDADE	PROXECTOS / PROGRAMAS
<p>Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Igualdade e Cooperación Xosé María Mahou Lago 986130222 direc.rsc@uvigo.es Horario de atención e información: Pola mañá</p>	<p>Programa: Xornadas a cooperación universitaria ao desenvolvemento ante a axenda 2030 Desenvolvemento: Do 19 ao 20 de novembro de 2018 Obxectivo xeral: Axuda para relacionarse coa comunidade universitaria Obxectivo específico: Atención aos participantes nas Xornadas Destinatarios do programa: Poboación en xeral Perfil das persoas voluntarias: Persoas con capacidade para axudar na organización da xornada e con don de xentes para tratar coa comunidade Universitaria Función das persoas voluntarias: Prestar servizo de apoio e de información Lugar de realización das actividades: Campus Universitario de Vigo Tempos de dedicación das persoas voluntarias: O día 19 e 20 de novembro terán que estar no edificio Miralles durante o desenvolvemento das xornadas</p>
<p>Posibilidade de engadir máis proxectos que sexan do voso interese</p>	